

RETROSPECTIVA
**KLEBER
MENDONÇA FILHO**

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

semella non valorar o principio básico de preservación. A demolición está guiada polo afán de lucro que se impón a calquera forma de lectura histórica ou sentido común.

Publicadas en un-etat-du-monde-webdoc.
forumdesimages.fr

* * *

BACURAU

“Bacurau é político porque representa a ironía de vivir en sociedade”

Entrevista a Kleber Mendonça Filho
Por Javier Mattio

Por que te introduciches no cinema de xénero? Os anos de formación teñen un impacto enorme e eu tiven sorte porque fun neno nos 70 e adolescente nos 80. O cinema comercial que viña dos Estados Unidos naquel tempo era moi bo, podíase ver nos cinemas comerciais o último de David Cronenberg, Brian de Palma, John Carpenter, John Landis, Joe Dante ou George A. Romero.

Quixemos facer un filme coa enerxía que transmitían esas producións, non como homenaxe senón como reacción natural ao desexo de facer un filme.

En que medida Bacurau responde a parámetros dun cinema internacional? A localización é o *sertão*, unha rexión situada a 500 km de Recife que se volveu mítica no cinema brasileiro e o Cinema Novo co traballo de Glauber Rocha, Nelson Pereira dos Santos ou Ruy Guerra. Pero nos últimos 50 ou 60 anos o *sertão* cambiou, non tanto na paisaxe como socialmente. Hoxe temos todo tipo de dispositivos dixitais, luces LED, roupa barata fabricada en China... O filme volveuse entón retrato do mundo sen deixar de ser brasileiro. *Bacurau* toca un nervio na sociedade brasileira e iso xerou paixóns e reaccións, e tamén rexeitamentos e prexuízos. Nós estamos orgullosos de que como o filme representa os brasileiros.

Prediciu Bacurau a Bolsonaro? Eu e Juliano [Dornelles] preparamos o filme desde hai 10 anos pero comezamos a traballar nel despois de *Aquarius*. 2015 foi un ano especialmente importante para Brasil porque foi cando comezamos a escoitar cousas que había tempo que

non se sentían, relampos de fascismo comezaron a agromar nas redes sociais e na prensa. Nese momento planéase o golpe de estado para sacar a Dilma Rousseff do poder.

É curioso que *Bacurau* saia á luz en 2019, cando o reino da estupidez se ten apoderado do noso país por medio da ignorancia, o prexuízo, a ameaza e a falta de respecto ás minorías. No filme lidamos cun número de situacións sociais que representan a ironía de vivir en sociedade e presentan situacións honestas e humanas. Iso é para min o cinema político. Acotío digo, a xeito de brincadeira, que un filme político é aquel que sucede nun edificio gobernalmente e ningún dos meus filmes sucedeu nun lugar así. Transcorren en cocinas, salas, caleixóns e pequenas comunidades do *sertão*.

Publicado en vos.lavoz.com.ar
Traducións: Xan Gómez Viñas

649

RETROSPECTIVA
**KLEBER
MENDONÇA FILHO**

DO 2 AO 31 DE MARZO DE 2020

En colaboración con Vitrine Filmes

VITRINE
FILMES

**OS
OLLOS
VERDES**
O CINEMA INÉDITO
DE NUMAX

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

**ALDARA XA TEN
O SEU ABONO
REDUCIDO**

E ti, a que
agardas para
abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax





OS INICIOS

“A maquinaria de facer cinema ás veces esmaga as persoas”

Entrevista a Kleber Mendonça Filho
Por Débora Nascimento e Luciana Veras

Como era a súa relación co cinema na infancia? Desde moi cedo sentín unha inclinación moi forte cara ao cinema. Os primeiros recordos que teño na sala de cinema foron un maratón de Tom & Jerry e *La isla del fin del mundo* (Robert Stevenson, 1974) con apenas 5 anos. A miña formación é das últimas que tivo unha formación visual nas salas. Os cinemas aos que ía na infancia e mocidade en Recife —São Luiz, Moderno, Art Palácio— tiñan unha forte personalidade, non só arquitectónica senón tamén na súa programación. Agora pecharon. (...) Sendo un adolescente mudámonos

por un tempo a Inglaterra onde me marcaron filmes como *Os 400 golpes* (François Truffaut, 1959) ou *Fitzcarraldo* (Werner Herzog, 1982). (...) Nesa altura aínda non pensaba en facer filmes, lembro ver no cinema Veneza filmes como *En busca del arca perdida* (Steven Spielberg, 1981), dos que gostaba moito, pero pensaba que era imposible chegar a crear semellante espectáculo. Nesa época comecei a ver filmes na casa, en VHS, de menor orzamento. O cinema de John Carpenter en filmes como *Halloween* (1978), *Asalto a la comisaría del distrito 13* (1976) ou *1977: rescate en Nueva York* (1981) levoume a pensar que tal vez podía facer algo similar. Eran películas de pequena escala. As miñas referencias eran sobre todo americanas, non tiven oportunidade de ver na altura o mellor cinema brasileiro.

Cal foi, por exemplo, o primeiro filme de Glauber Rocha que viu? Lembro ter visto *Antonio das mortes* (1969) no Channel 4 británico e sentir

moito orgullo de ser brasileiro. O mesmo con *Pixote, la ley del más débil* (1981) de Héctor Babenco. Fiquei orgulloso e, ao mesmo tempo, triste ao comprobar o terríbel que era vivir en Brasil. Cando comecei a facer cinema agardábase que eu fixese un filme do estilo do Cinema Novo. Lembro cando se estreou *Enjaulado* no Cine Ceará, en 1997, un crítico dixo que era absurdo que un realizador do Nordeste, unha rexión tan forte en folclore, fixese cinema paulista dentro dun apartamento. Durante anos o cinema pernambucano, mesmo o máis anovador, seguía a obedecer aos tópicos sobre o Nordeste: situar as historias na zona do Sertão e protagonizalas por *cangaçeiros*.

Despois de Enjaulado dirixiu A menina de algodão, en 2003. Entre 1998 e 2002 dediqueime principalmente á crítica de cinema, pois cansei do mundo da produción. En 2004 gravei *Eletrodoméstica*, un filme que escribira en 1994 e que se convertera nunha película de época.

Como foi o proceso de abandono da crítica para se dedicar enteira á realización? Vostede era na altura un crítico de referencia na cidade de Recife... Houbo un momento no que me preguntei que sentido tiña seguir a emitir opinións sobre todo. Escribía unha crítica diaria e iso foime cansando. Un día púxenme a escribir o guión de *O som ao redor* (2012), remateino en oito días e a partir de aí todo mudou. Foi incríbel.

N’O som ao redor comeza a traballar co mesmo equipo que logo manterá en Aquarius (2016) e Bacurau (2019). A creación artística inclúe cuestións culturais que para min son tan importantes. Poderíamos dicir que existe un xeito pernambucano de traballar, moi profesional, pero dunha maneira moi diferente á das producións de Río ou São Paulo. Por exemplo en *Bacurau* tivemos que traballar con habitantes do Sertão que nunca estiveran en contacto co cinema. Todo o mundo foi tratado con respecto e agarimo e iso é importante, pois a maquinaria de facer cinema ás veces esmaga as persoas.

Publicado en revistacontinente.com.br

O abafante “som ao redor”

Por Sergio Oskman

Desde que Brasil fora *descuberto* polos portugueses, numerosos artistas e intelectuais trataron de metaforizalo de maneira orixinal nun libro, canción popular ou frase enxeñosa. O ensaio *Casa-Grande y Senzala*, escrito polo pernambunaco Gilberto Freyre en 1933, converteu a residencia do señor do enxeño azucreiro e o aloxamento dos seus escravos nunha perenne alegoría da formación da sociedade brasileira. Oitenta anos após, o tamén pernambucano Kleber Merndonça Filho tertemuñaba cun filme a permanencia da fenda social apuntada por Freyre no seu libro.

Brasil non é doada de contar, trátase dun neno grande e gris engalanado nun disfraz multicolor. Calquera intento de retratalo tende, ás primeiras de cambio, a escorregar cara aos tópicos (...) *O som ao redor* é unha notábel excepción: unha ficción que superaba a realidade que supera a ficción. Non é azaroso que o director arranque o filme cunha serie de fotografías documentais do ambiente

rural do nordeste brasileiro a inicios do século XX, ao pouco da abolición da escravitude. A casa grande do señor segue a verse imponente e inexpugnábel. Mendonça Filho entretcede nun mesmo vecindario as historias de propietarios de pisos, empregadas do fogar e vixiantes de seguridade. Aínda que a elite se engaiole e empregue os máis modernos *gadgets* para se protexer hai algo que atravesas as cercas, os muros e as paredes. Son os sons que proveñen do outro lado, sons xordos pero turbadores que anuncian que algo está fóra do eixo. O perigo é inminente e xa non hai cara a onde fuxir. *O som ao redor* convértese nun diagnóstico agudo e á vez nun réquiem por un proxecto errado de país.

Publicado en Caimán Cuadernos de Cine, Marzo 2017, nº58 (109)

AQUARIUS (DONA CLARA)

“O afán de lucro estase a imposer sobre o sentido común”

Por Kleber Mendonça Filho

No tempo que inicié a rodaxe de *Aquarius (Dona Clara)* comezaron a aparecer sinais que indicaban que, tal vez, o camiño democrático ía ser abandonado no Brasil. Coa reelección de Dilma Rouseff en 2014 comezaron todos os problemas que estamos agora a ver. A sabotaxe do seu goberno, do Partido dos Traballadores, foi seguida dun ascenso na violencia e as agresións que non tiñamos visto nos dez anos anteriores. Por exemplo, os prexuízos contra a xente do nordeste brasileiro estiveran ausentes durante moito tempo e agora regresaban. Comezaron a percibirse cousas moi feas e iso condicionou *Aquarius*, con escenas de enfrontamento explícito, como a liorta entre Clara e o personaxe de Diego, que non tería escrito nun filme como *O som ao redor*. Agora esa escena tiña sentido porque coincidía co ton que se ouvía no Brasil. A casa de Clara é un lugar arqueolóxico da súa propia vida, un espazo ao que ela foi agregando valores persoais. E de súpeto chega o mercado e, literalmente, peta na porta para obrígala a vender a súa vivenda coa idea de que iso é o mellor que lle podería suceder. As cidades en América Latina e noutros países coma China pasan por momentos de destrución antes de ser de novo reconstruídas. E esa destrución

CALENDARIO DE PROXECCIONS

2 de marzo | 20:00
O SOM AO REDOR
(2012, 131’)

9 de marzo | 20:00
CRÍTICO
(2008, 80’)
+ LUZ INDUSTRIAL MÁGICA
(2008, 7’)

16 de marzo | 20:00
CURTAMETRAXES:
VINIL VERDE
(2004, 13’)
ELETRDOMESTICA
(2005, 22’)
RECIFE FRIO
(2009, 24’)
A COPA DO MUNDO NO RECIFE
(2015, 15’)

23 de marzo | 21:30
AQUARIUS (DONA CLARA)
(2016, 140’)

30 de marzo | 21:00
BACURAU
(2019, 132’)

Preestrea coa presenza de Kleber Mendonça Filho

*Se estudas na USC e te inscribes no ciclo «Os ollos verdes», podes obter 1 crédito ECTS e acceder ás sesións con entrada reducida.

—
Máis información en info@numax.org

NA LIBRARÍA NUMAX

Doña Clara, Kleber Mendonça Filho
Cameo [DVD]